

EXERCICIOS SOBRE AS RELACIÓNS SEMÁNTICAS

1.- Escribe dous enunciados para cada una destas palabras polisémicas en que presenten significados diferentes:

□

⑩ Banco:

⑩ Columna:

⑩ Costa:

⑩ Tocar:

⑩ Xornal:

2.- Coa axuda do dicionario, indica se estes termos son polisémicos ou homónimos:

• Ameixa (froita) / ameixa (molusco):

⑩ Araña (arácnido) / araña (lámpada):

⑩ Golpe (pancada) / golpe (raposo):

⑩ Liña (raia) / liña (orientación):

⑩ Olo (órgano) / olo (burato da agulla):

⑩ Pluma (ave) / pluma (para escribir):

⑩ Ponte (construción) / ponte (lazo común):

⑩ Vía (camiño) / vía (conduto):

3.- Clasifica estas palabras en homófonas ou homógrafas:

• Abano/habano: □

• Basto/vasto: □

- Valor/valor:
- Río/río:
- Lapa/lapa:
- Vou/bou:
- Naval/nabal:
- Abalar/avalalar:

4.- Substitúe as palabras marcadas en negro polos seus antónimos:

- **Dentro** da sala hai bastante humidade, podes traer o deshumidificador?
- No segundo **dereito**, xusto **embaixo** do meu apartamento, vive una familia senegalesa
- **Nunca** traballou **lonxe** da súa vila natal
- **Atinaches!** A resposta correcta era a primeira.

5.- Indica os antónimos das seguintes palabras e clasifícaos en complementarios, graduais e recíprocos/inversos:

- Pai
- ⑩ Día
- ⑩ Branco
- ⑩ Causa
- ⑩ Presente
- ⑩ Masculina
- ⑩ Pagar
- ⑩ Legal
- ⑩ Verdadeiro
- ⑩ Fraco
- ⑩ San
- ⑩ Maioría
- ⑩ Madriña
- ⑩ Duro
- ⑩ Apagado
- Dar

6.- Cambia os verbos destacados en negra por un sinónimo: □

- Fun á floraría **mercar** un ramo para a miña avoa. □
- ⑩ Está a piques de **acabar** o prazo de inscrición no curso de chinés.
- ⑩ Antes de **comezar** o traballo, tivemos que facer varios esbozos.
- ⑩ Nun ano **acadou** todos os seus obxectivos.

7.- Indica se os seguintes pares de palabras son sinónimos totais ou parciais:

- ⑩ Buxaina-peón
- ⑩ Medicina-menciña
- ⑩ Arredores-contorno
- ⑩ Porco-cocho
- ⑩ Prexudicial-nocivo
- ⑩ Relatar-narrar
- ⑩ Demo-diaño
- ⑩ Cemiterio-camposanto
- ⑩ Doado-fácil
- ⑩ Tartaruga-sapoconcho
- ⑩ Agradábel-encantador
- ⑩ Morrer-falecer
- ⑩ Cabeza-cachola
- ⑩ Acabar-terminar
- ⑩ Derradeiro-último

8.- En cada una destas series de sinónimos hai un intruso. Cal é?

- ⑩ Mais, non obstante, após, porén
- ⑩ Se cadra, oxalá, talvez, se callar
- ⑩ A excepción de, salvo, agás, malia
- ⑩ Con todo, a respecto de, en relación con, canto a

9.- Escribe 5 hipónimos para os seguintes hiperónimos:

- ⑩ Mineral:
- ⑩ Froita:

⑩ Pedra preciosa:

⑩ Embarcación:

10.- Os termos que conforman cada unha destas series son cohipónimos entre si; identifica o seu hiperónimo:

⑩ Anemia, apendicite, bronquite, rubéola, tose ferina, xarampón:

⑩ Arrepío, cambra, cansazo, espasmo, febre, vómito:

⑩ Chaga, croque, escordadura, fractura, hematoma, queimadura:

⑩ Anestesista, fisioterapeuta, biólogo/a, pediatra, psiquiatra, xinecólogo/a:

11.- Agrupa cada cohipónimo co seu hiperónimo na táboa:

*apartamento, setembro, óboe, nespereira, xaneiro, chalé, limoeiro, clarinete, abeleira, xullo, contrabaixo,
choupana, abril, maceira, viola, iglú*

HIPERÓNIMOS

COHIPÓNIMOS

Árbores froiteiras

Meses

Instrumentos musicais

Vivendas